

## ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

**Lugar:** Sala de conferencias da vicerreitoría do Campus de Pontevedra e Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

**Data:** 7 de outubro de 2021

**Hora de comezo:** 11:30 h

**Hora de remate:** 13:30 h

**Asistentes:** Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Álvaro Xosé López Mira, Lucrecia M<sup>a</sup> López Rubianes, Xosé Manuel Buxán Bran, Marcos Dopico Castro, Óscar García García, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Sara M<sup>a</sup> Torres Outón, Emma Torres Romay, e Alejandro Virgós Soto. Tamén intervén o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez Tabarés, e o decano comisario da futura Facultade de Dirección e Xestión Pública, Enrique José Varela Álvarez.

**Excusan asistencia:** Eva M<sup>a</sup> Lanjarón Caeiro, Ana Belén Fernández Souto e Juan Picos Martín.

**Non asisten:** Sheila Bazo Abeledo e Ainhoa Docampo Pérez.

Agradece o reitor a asistencia aos membros, a súa puntualidade e manifesta a súa satisfacción pola presenza de membros na sala.

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimiento.

### 2. Informe do Presidente

O Reitor manifestou o pesar polo pasamento de Valeriano Martínez García, Conselleiro de Facenda, de quen subliñou que non só era un traballador infatigable senón que se pode considerar especialmente sensible coas necesidades desta universidade.

Respecto as cuestións actuais máis relevantes, tal e como se deu conta no último Consello de Goberno, é preciso referirse ao plan de financiamento e ao plan de titulacións. Do primeiro, o reitor destacou que mañá mesmo haberá unha reunión para pechar o plan de financiamento do que só faltan uns detalles relativos ao reparto dos indicadores de calidade. O importe total para este primeiro ano deste novo plan resulta favorable respecto ao anterior. Estímase que quedará pechado no prazo dunha semana e que neste tempo rematarase de negociar a senda de crecemento. Destaca o reitor que hai un plan adicional, que non forma parte deste plan de financiamento, pero que permitirá abordar o investimento en infraestruturas universitarias para Galicia.

En canto ao mercado de titulacións, a pesar da presión da Universidade de Santiago e algunhas novas aparecidas nos medios sobre titulacións únicas, hai que destacar que a nova titulación de Intelixencia Artificial vaise impartir en distintas universidades galegas, tendo a súa acollida na nosa universidade no campus de Ourense. Dentro do plan G2030 están contempladas 14 titulacións, algunhas das cales a priori non parecen destinadas a seren impartidas pola Universidade de Vigo pero que o equipo reitoral está dando pasos estratéxicos para que sexa doutro modo. Na medida en que aínda queda un longo camiño por andar, non se vai a dar máis información ao respecto.

En canto ás prioridades actuais da Universidade de Vigo, hai actuacións que afectan ao campus de Pontevedra. Entre elas a denominada prioridade 0 que debe o seu nome ao avanzado estado de consecución. Trataríase da sala de neuromusculación ou ampliación de ximnasio nun módulo

contigo á Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, e a planta piloto e CACTI no edificio Campus Auga de Ourense. É prioridade PRIMEIRA a edificación para a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, campus Ourense que incluírá espazos para acoller á titulación de Relacións Internacionais. É de máxima prioridade porque actualmente estase impartindo esta titulación con elevado número de estudantes nunha Facultade na que realmente non hai espazos suficientes; é unha actuación que, mais non estar incluída no compromiso electoral, resulta necesaria. A prioridade SEGUNDA, con negociacións en marcha, fai referencia á construción das futuras Facultade de Deseño e Dirección e Xestión Pública nos terreos da antiga TAFISA. Estase pensando nun edificio modular que poida adaptarse mellor ás necesidades presentes (dous graos, dúas facultades) e futuras (novas titulacións). Posuír unha facultade propia axudará a visibilizar as titulacións ao teren un espazo físico propio e facilitará o seu crecemento. Contar coa posibilidade de ampliar o espazo físico con novos módulos, facilita a posta en marcha de novas titulacións afíns e complementarias que establezan sinerxias co campus CREA. O reitor manifesta publicamente o seu agradecemento ao Concello de Pontevedra e ao seu Alcalde pola cesión destes terreos da antiga TAFISA por permitiren non só dar respostas ás necesidades actuais senón permitir ampliar as posibilidades cara ó futuro e planificar o crecemento da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra. Na prioridade TERCEIRA contémplase o edificio para a titulación de Intelixencia Artificial. Entre outras prioridades estaría a ocupación dos terreos de ETEA co Centro de Investigación Mariñas, Campus do Mar e Escola de posgrao. Na medida en que as conversas se levaron a cabo co recentemente falecido Valeriano Martínez, é preciso iniciar o proceso.

Informa o reitor de que está pendente de sinatura o convenio para a cesión da antiga parcela de TAFISA por parte do Concello á Universidade de Vigo. Implica a ampliación do actual campus de Pontevedra, para acoller novas titulacións e novas facultades. Mostra un plano de localización da parcela así como a inspiración modular do edificio para facilitar a adaptación á necesidades de crecemento no futuro. Agradece ao Concello dita cesión porque é o primeiro paso para poder planificar o futuro do campus CREA dende a ampliación do campus.

### **3. Informe do vicerreitor do campus de Pontevedra:**

Inicia a súa intervención o Vicerreitor do Campus de Pontevedra comunicando as excusas de Eva M<sup>a</sup> Lanjarón Caeiro, Ana Belén Fernández Souto e Juan Picos. De seguido, aproveita para dar a benvida ao novo curso académico e mostrando a esperanza de alcanzar a normalidade anterior á pandemia nun curto espazo de tempo. A tal fin agradece a presenza física dos asistentes ao Consello, así como a quen o fai en remoto.

Informa das actividades que se teñen realizado dende a anterior xuntanza que tivo lugar en maio comezando pola Área do Campus Crea e Green Campus:

1. Resolución e entrega de premios dos I Premios Campus CREA-Creatividade e Innovación (financiados polo Consello Social). Preténdese dar un impulso á Creatividade e á innovación no campus mediante a participación do alumnado no desenvolvemento de obras colaborativas interdisciplinares. Presentáronse case unha decena de obras e premiáronse as tres mellores, pensamos que de gran calidade. Valoración moi positiva desta primeira edición, que esperamos poder continuar.

2. Publicación da convocatoria dos Premios TFG e TFM do campus de Pontevedra. No marco do convenio de colaboración asinado co Concello de Pontevedra, publicouse esta convocatoria, que premiará os mellores traballos fin de grao e fin de mestrado do campus de Pontevedra. Haberá premios en metálico e a posibilidade de publicar os traballos na revista International Multidisciplinary Journal CREA.

3. Posta en marcha da iniciativa Urban Mobility Challenge, coa firma de convenio de participación no proxecto CICLOGREEN. Esta actividade pretende fomentar os hábitos saudables e a sustentabilidade en canto á mobilidade da comunidade universitaria, fomentando o uso da bicicleta, do transporte público, do patinete, de camiñar ou tamén o uso compartido do coche. O proxecto iniciouse dende aquí, e unha vez asinado fíxose extensivo aos outros campus da Universidade de Vigo, que tamén puideron participar no desafío.

4. Publicación da convocatoria “Concurso de Ideas CREA. Economía Social 2021” no marco da rede Eusumo, impulsada pola Xunta de Galicia e promovida pola UVigo (Campus CREA) e AJE-Pontevedra. Premiaranse as mellores propostas de negocio en catro ámbitos: Artes, comunicación e creatividade; Educación, innovación social e xestión pública; Deporte, saúde e benestar; e Medio ambiente e natureza.
5. Desenvolvemento da actividade Roteiro do Arboreto do Campus de Pontevedra. Máis de 250 estudantes de ESO e Bacharelato dos institutos de Pontevedra e Poio participaron ao longo dos meses de maio e xuño nesta actividade, no que a educación ambiental e o fomento da conservación do medio ambiente son os obxectivos fundamentais que se perseguen.
6. Elaboración e difusión do Boletín de convocatoria de Proxectos (europeos, nacionais e autonómicos) e xornadas de difusión (webinarios, etc.). Seguindo coa dinámica habitual, fixemos a difusión dun boletín mensual coas convocatorias de proxectos máis relevantes, prestando especial atención a aquelas que poderían resultar de máis interese para os grupos de investigación do campus de Pontevedra.
7. Consolidación da nova Xestora de Campus CREA. No marco do convenio que a Universidade de Vigo firmou coa Xunta de Galicia, e unha vez incorporada ás tarefas de xestión do campus CREA, iníciase a rolda de contactos cos grupos de investigación do campus de Pontevedra para coñecer as actividades e necesidades dos mesmos. Esta persoa estará contratada ata finais de 2022.
8. Sinatura do convenio co Concello de Pontevedra. O convenio pretende abordar o desenvolvemento de diferentes actividades de interese tanto para o campus de Pontevedra como do propio concello da cidade, e establecer así unha relación máis estreita entre ambas entidades.
9. Consolidación do grupo de consumo responsable Campus de Pontevedra, apoiado dende a vicerreitoría do campus de Pontevedra. Este grupo, que leva funcionando dende hai uns meses, pretende aumentar a participación da comunidade universitaria neste proxecto de consumo de produtos de proximidade e ecolóxicos. Fíxose unha campaña de difusión para concienciar á comunidade universitaria.
10. Actualización e substitución das placas identificativas das árbores do campus de Pontevedra. Esta actividade foi desenvolvida polo bolseira da OMA do campus de Pontevedra. As placas que identifican as árbores, moitas delas bastante degradadas polas inclemencias do tempo, foron substituídas por novas placas reimprimidas con tecnoloxía láser sobre madeira.
11. Desenvolvemento do proxecto Pontenciencia coa colaboración do profesorado do campus de Pontevedra e da vicerreitoría. Unha nova edición deste exitoso proxecto no que sempre participamos.
12. Celebración do Día da Bicicleta no campus de Pontevedra, co obxectivo de concienciar ao colectivo universitario da necesidade de adquirir hábitos sustentables en relación á mobilidade. No acto participou o equipo ciclista SuperFroiz, que fixeron unha demostración relacionada co uso e reparación de bicicletas. Ademais regaláronse camisetas conmemorativas a todas as persoas participantes.
13. Seguimento das actividades definidas no Plan de Acción do programa Green Campus. Seguimos facendo un seguimento dos compromisos adquiridos no último Plan de Acción.
14. Elaboración do Informe Anual de consumo de auga do campus de Pontevedra. Presentarase na próxima reunión do Comité Ambiental do Green Campus.
15. Proxecto Lapassion: selección de dous estudantes do campus de Pontevedra para participar nos proxectos multidisciplinares que desenvolverán o seu traballo coordinados polo Instituto Federal do Sul en Brasil. Ademais no mes de setembro celebráronse tres actividades do proxecto, que rematará a mediados de outubro. Houbo un training meeting en Finlandia, un management meeting (reunión de xestión) en Salamanca e outro meeting en Porto, todos eles con participación do profesorado implicado no proxecto.

16. Preparación do segundo número da Revista International Multidisciplinary Journal Crea (IMJC)
  17. Celebración da reunión anual do Comité Ambiental do Green Campus, no que se definen e aproban as medidas e actividades a desenvolver no marco do proxecto internacional Green Campus, o que chamamos Plan de Acción.
  18. Celebrarase unha xornada de Difusión do Green Campus e de concienciación ambiental no campus.
  19. Está previsto desenvolver unha nova campaña antitabaco no campus, moi probablemente coa colaboración de entidades alleas á UVigo (como AECC).
  20. Resolveranse os Premios TFG e TFM do campus CREA
  21. En novembro está prevista a realización dun encontro Universidade-Empresa co obxectivo de acercar ambas partes e atopar puntos de confluencia para abordar proxectos conxuntos.
  22. Tamén en novembro celebraranse as III Xornadas de Investigación Campus CREA, na que o alumnado que fai estudos de doutoramento no campus de Pontevedra pode expoñer os seus traballos ao público e establecer foros de discusión con estudantes de ámbitos diferentes ao seu.
- Rematado este primeiro bloque o vicerreitor do campus de Potnevedra anuncia as actividades referidas á Área de infraestruturas:
1. Intervención na Sala X: Pintado, pulido, cambio de luz, cambio de vinilos, colocación de placa identificativa. Esta sala pasará a denominarse Sala Universitaria profesor Manuel Moldes a partir do 15 de outubro. Xa se ten programado o evento para ese día no que se presentará unha retrospectiva do artista Manolo Moldes.
  2. Grazas á colaboración da vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade xa está en funcionamento o punto de recarga para vehículos eléctricos (fotolinera) no campus; pendente de pintar o chan,
  3. Limpeza de pintadas en forestais e Fisioterapia.
  4. Obras de acondicionamento dos baños da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (pendente de execución: pintar paredes, chan e obra menor).
  5. Licitación e adxudicación de obra da sala neuromuscular; (pendente da acta de recepción do edificio – licenza de primeira ocupación).
  6. Licitación e adxudicación da obra do parking da Escola de Enxeñaría Forestal adjudicación de obra del parking de Forestáis (pendente da acta de recepción do edificio – licenza de primeira ocupación). O concello está analizando se é necesario pola antigüidade do edificio. Se fose necesario a Unidade técnica da Uvigo realizará o certificado.
  7. Revisión e substitución do alumeadado público do campus cambiando as bombillas centrais a led.
  8. Remate das obras de eficiencia enerxética, nos diferentes edificios.
  9. Arranxo de cámaras e renovación das mesmas do campus, tendo o circuíto activo.
  10. Posta en funcionamento da fonte do campus, nun horario definido para o aforro enerxético.
  11. Estudo e valoración do salón de actos da Facultade Belas Artes.
  12. Estudo e análise da limpeza de fachada da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación con instalación de albardilla para evitar filtracións. Neste centro tamén se levaron a cabo reformas para disponer espazos para a futura Facultade de Dirección e Xestión Pública.
  - 13 En canto ao edificio de Benito Corbal a obra está licitada e pendente do informe para a selección da empresa.

Remata o vicerreitor a súa intervención enumerando as actividades desenvoltas na Área de

## Dinamización Cultural, Educación e Integración

1. Proxección DOCS. Dentro desta iniciativa de cine-documental, proxectáronse o 31 de maio, 14 de xuño e 20 de setembro, respectivamente, os seguintes títulos: Como robar a un país, de Rehad Desai e Mark J. Kaplan; High Maintenance, de Barak Heymann e Como yo quiera (as I want), de Samaher Algadi.

2. Programa das Letras Galegas 2021. Continuación das actividades ao redor de Xela Arias, xa iniciadas nas semanas previas.

-28 de maio: proxección do documental Xela Arias. Poeta nas marxes e o posterior debate coa súa directora, produtora e guionista, Beatriz Pereira, e o tamén guionista, Daniel Chapela.

-7 de xuño: inauguración da exposición Xela Arias. A poesía do retrato, que se puido visitar na vía central do Campus de Pontevedra, do 7 ao 20 de xuño.

-7 de xuño: Entrega do premio Múltiples olladas ao redor das Letras Galegas 2021, co que a Vicerreitoría convidaba o estudantado a reinterpretar a obra de Arias desde múltiples disciplinas. A gañadora foi Susana Díaz, alumna da Facultade de Belas Artes.

-7 de xuño: intervención da cantante e egresada da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Noelia Solleiro, e o músico Ángel Paz, que interpretaron Perder pé, peza na que poñen son a un poema sen título do poemario de Xela Arias, Tigres coma cabalos.

3. Conversas na Uvigo. No marco dos coloquios entre persoeiros da cidade e xornalistas e columnistas do Diario de Pontevedra, o 30 de xuño Rafa Cabeleira entrevistou o escritor e xornalista Nacho Carretero.

4. Aula de música tradicional. Neste curso académico, 2021-2022, a aula de Música tradicional evidencia que se trata dun proxecto sólido, como o testemuña o feito de que complete toda a súa matrícula e que as persoas participantes xa poidan intervir en diferentes eventos, a partir dalgunhas das modalidades en que se divide: "gaitas e percusión", "zanfonas" e "zanfonas e acordeóns".

5. Preparación da exposición Profesor Manuel Moldes. Trátase dunha exposición, coa que se inaugurará a Sala Universitaria Profesor Manuel Moldes, que ten como comisaria a Sara Donoso e tenta ser unha mostra do traxecto artístico deste profesor da Facultade de Belas Artes. A inauguración será o 15 de outubro e a exposición acompañarase dun catálogo e doutras actividades ao redor do labor pictórico do citado profesor.

6. Convenio: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e Concello de Pontevedra

Elaboración dunha proposta de accións relacionadas co ámbito da cultura, educación, deporte, medio ambiente e novas tecnoloxías, que impulsa a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e a Concellaría de Promoción Económica e Universidade. As accións principais desenvolveranse ao redor dos seguintes eixes:

### 6. 1. Aula CREA: obradoiros

-GAÑANDO O FUTURO: O obxectivo fundamental deste obradoiro é achegarse ao videoxogo como un medio de expresión e unha ferramenta educativa para que o futuro profesorado e calquera persoa interesada poida internarse no seu coñecemento e nos criterios para a súa boa escolla e uso, así como para deseñar propostas de aprendizaxes desde o xogo.

Días e horas: 16, 23 e 30 de setembro e 7 de outubro. De 16,30 a 18,30 horas.

Lugar: Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

Docentes: Membros do Museo do Videoxogo (Cangas).

-ILUSTRACIÓN EN ACCIÓN: A través da ilustración, achegarémonos á gráfica asociada a todos eses elementos que nos permiten vestir de cara ao mundo os nosos proxectos

e ideas, tanto persoais coma de carácter comercial e profesional. Carteis, logotipos, chapas, pegatinas, camisolas..., o mundo gráfico que podes construír arredor da túa idea é infinito. No curso desenvolveremos varias propostas relacionadas coa ilustración aplicada a proxectos reais. Para iso utilizaremos o debuxo, a pintura, o deseño e a imaxinación como as nosas principais ferramentas, co obxectivo de analizar e entender as especiais conexións entre as nosas ideas, a súa representación gráfica e o sector ao que nos queremos dirixir.

Días e horas: 20 e 27 de setembro, e 4 e 11 de outubro. De 16,00 a 18:00 horas.

Lugar: Facultade de Belas Artes.

Docente: Santiago Paredes.

-FOTOGRAFÍA CREATIVA: O obxectivo principal deste obradoiro oriéntase a achegarse á fotografía creativa aplicada ao retrato e produto como recurso para o proxectos persoais ou de negocio.

Días e horas: 18 e 25 de outubro; 8 e 15 de novembro. De 16,00 a 18,00 horas.

Lugar: Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Docente: La marela fotografía (Graciela Vilagudín e David Cons).

-CREACIÓN DE CONTIDOS PARA REDES SOCIAIS: A partir da posta en práctica do eBook “El poder de las redes”, de Natalia Maquieira, o obxectivo deste obradoiro radica en abordar diferentes cuestións relacionadas coa creación de contidos para as redes sociais.

Días e horas: 19 e 26 de outubro; e 2 e 9 de novembro. De 16:00 a 18:00 horas.

Lugar: Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Docente: Natalia Maquieira (PASOAPASO Agency).

-INMERSIÓN VIRTUAL EN PONTEVEDRA. Convida a iniciarse á creación de contido en vídeo 360º. Este innovador formato permítelle ao espectador escoller o ángulo de visión para así crear unha maior sensación de presenza. Desde un enfoque teórico-práctico, a formación proporcionará coñecementos sobre as últimas técnicas de vídeo inmersivo, desde a gravación ata a súa difusión en gafas de realidade virtual ou redes sociais.

Días e horas: 22, 23, 24, 25 e 26 de novembro. De 16.00 a 18.00 horas.

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

Docente: Rubén Lázaro Silva.

Estes obradoiros xa se iniciaron cunha aceptación excelente por parte da comunidade universitaria e persoas interesadas.

## 6.2 Aula de Teatro Universitario de Pontevedra

### Parte I. Curso de teatro

O obxectivo fundamental deste curso é que o alumnado universitario e calquera outra persoa interesada no teatro participen nas fases dun proceso de creación teatral, practicando desde un punto de vista actoral, desde o momento inicial da elección e lectura do texto ata a representación final diante dun público.

### Parte II. Participación na Mostra de Teatro (MITEU) en Pontevedra

Desenvolverase preferentemente durante as dúas últimas semanas do mes de abril. As compañías propostas para ser convidadas son en primeiro lugar as das Universidades de Galicia. Actualmente están en activo Ourense, Vigo, Santiago, Lugo e

a ESAD, pero, para darlle o carácter internacional, convidarase algunha Universidade doutro país e, por suposto, doutras comunidades de España.

O curso iniciarase no mes de novembro de 2021 e a mostra MITEU será, previsiblemente, en abril.

Duración: 100 horas (curso) + duración das diferentes representacións.

As 20 prazas ofertadas xa están cubertas.

### 6.3. NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra

Novos Cinemas, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, é un certame cinematográfico orientado á detección e difusión do talento cinematográfico emerxente. Novos Cinemas presenta dúas seccións competitivas (Sección Oficial e Latexos) dedicadas á exhibición das primeiras e segundas longametraxes, e focaliza parte dos seus esforzos a cartografar a vangarda cinematográfica internacional apostando pola heterodoxia que a caracteriza. Tamén busca centrarse no cinema desenvolvido na nosa comunidade e na Península ibérica.

As actividades combinan a exhibición cinematográfica, a formación integral e inclusiva e o encontro entre os profesionais cinematográficos e entre os mesmos e o público. As súas actividades serán: OBRADOIRO, LAB, FOCO CINEASTA, ENCONTROS, MESA SECTORIAL.

Datas previsibles: 14-19 decembro.

### 6.4. Repensar a cidade

Búscase '(Re) Pensar a cidade' como unha intersección de camiños de diferentes persoas que amosen a súa visión sobre o que supón hoxe a cidade. Contaremos para esa tarefa con profesionais de diferentes campos do pensamento, da creación, do medioambiente, da mobilidade ou da educación, con especial atención aos membros da comunidade educativa da Universidade de Vigo, que permitan ese cruzamento de identidades para xerar unha nova perspectiva sobre o espazo urbano como campo de reflexión. A proposta é a de formular un diálogo entre dúas personalidades de diferentes ámbitos de traballo do ámbito social que se atopan nun lugar común, a praza pública, un encontro de pensamentos paralelos que se achegan nunha conversa moderada por un profesional da comunicación da nosa cidade que será diferente en cada un dos encontros.

Relatores previstos:

Sesión novembro. Manuel Rivas (escritor) / Mario Pansera (Investigador. Estancia na Universidade de Vigo). O encontro será moderado pola xornalista da Televisión de Galicia, Teresa Cuíñas.

Sesión decembro. Xoán Vázquez Mao (Secretario do Eixo Atlántico) / Teresa Táboas (arquitecta e ex conselleira de vivenda e solo da Xunta de Galicia). O encontro será moderado pola xornalista de Onda Cero Radio, Susana Pedreira.

### 6.5. Ecopercusión

Sesións formativas de carácter musical que promoven o achegamento a diferentes culturas, entre as que se sitúa a africana, por medio da voz, o canto e instrumentos.

Docente: Didier Díaz Madán.

Data (previsión): primeiro cuadrimestre do curso 2021-2022.

### 6.6. ST2REAM

A partir da difusión da educación STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), comezaron a xurdir diferentes vertentes, entre as que están a ST2REAM. Nesta denominación, “T2” corresponde a ensino ou instrución temática (teaching, en inglés); “R”, a lectura (reading, en inglés); e “A”, a artes. Entre os seus propósitos, sitúase a formación baixo as premisas do pensamento crítico, a resolución de problemas, a creatividade, a innovación, a investigación, colaboración etc. Co propósito de introducir estas liñas innovadoras no Campus de Pontevedra, realizáranse as seguintes sesións entre finais de outubro e novembro en diferentes espazos do Campus.

-“Ler o xogo: ficción dixital e educación cultural e literaria”, por Lucas Ramada.

-“Circuitos en papel e escritura creativa”, por Paola Guimeráns.

-“Panel interactivo: o futuro do planeta”, por Laura Jiménez Escudero.

-“Mural Artland: a hora do planeta”, por Andrea Brión Meis.

-“Aplicabilidades da intelixencia artificial”, por Ceo Aberto.

## 6.7. Premios TFG e TFM

Estes premios convocáronse coa pretensión de recoñecer os mellores traballos de investigación do alumnado que cursa os seus estudos universitarios na cidade Pontevedra. Os traballos pertencerán ás áreas de “Arte, comunicación e creatividade”, “Educación, innovación social e xestión pública”, “Deporte, saúde e benestar” e “Medio ambiente”. Para cada unha destas áreas establécese un primeiro premio de 150 euros e catro accésits de 100 euros para os Traballos Fin de Grao; e un premio de 300 euros e catro accésits de 200 euros para os Traballos Fin de Mestrado.

Data (previsión): entrega no mes de decembro de 2021.

## 6.8. Roteiros

Entre os roteiros previstos, están o Roteiro ornitolóxico e Roteiro botánico no ENIL da Xunqueira de Alba.

Guieiros: Víctor Cabaleiro e persoal da empresa Equilátero.

Data (previsión): fins de 2021.

## 6.9. Ciclo de Concertos Musicais, no que intervirán, entre finais de outubro e decembro de 2021:

**ALFONSO MEDELA TRÍO.** Alfonso Medela é un pianista nacido no Carballiño recoñecido pola súa versatilidade no panorama jazzístico nacional así como na música clásica. A súa forma de tocar é a de un pianista clásico europeo que compón con inspiración latina. Foi varias veces galardoado no seu labor de compositor e intérprete e nomeado ao premio Tete Montoliu. Nesta ocasión preséntase cun formato trío.

**SAL TRÍO.** Un delicioso espazo de experimentación formado por 3 virtuosos. A paixón de Sérgio Tannus (guitarra, cavaquinho, mandolina e voz) polos choriños brasileiros combinada coas influencias galegas de Lucía Cortiñas (percusión) e a exquisita formación clásica de Arturo Rúa (piano), fan da súa proposta unha verdadeira mestura cultural co nome propio: a brasilegitude.

**HIGH PAW.** É unha cantante viguesa que mestura reggae, roots e raggamuffin. A súa voz recolle influencias das grandes cantantes da música negra e da música xamaicana e do soul. Con acompañamento de dj e corista en pequeno formato, a mensaxe nas súas cancións resulta fundamental, cunha combinación de feminismo e memoria.



## 7. Residencia artística na Cidade da Cultura

Deseño e aprobación dunha residencia artística na Cidade da Cultura, na que o profesorado estará formado por docentes da Universidade de Vigo e que se destina ao alumnado desta Universidade, preferencialmente, ao de Pontevedra. Durante esta estadía, que terá lugar a principios do próximo ano, os participantes estarán inmersos na creación dun videoxogo que terá o camiño de Santiago como leit motiv.

## 4. Intervención do vicerreitor de Planificación e Sostibilidade.

O Vicerreitor de Planificación sinala que parte da súa intervención súmase ao xa comentado polo Reitor e Vicerreitor de campus en tanto que se trata das infraestruturas principais nas que a Universidade de Vigo está a traballar no campus de Pontevedra. Neste caso, indicará como se foi desenvolvemento o proceso e engadirá un resumo do programa de eficiencia enerxética.

En canto a ampliación do campus no novo emprazamento dos terreos da antiga TAFISA, engade que está unido ao actual campus A Xunqueira por unha sende verde natural, que tamén poñerá en valor o apeadeiro de tren. Interven neste punto o Vicerreitor do campus de Pontevedra para sinalar que dito apeadeiro vai ser adecentado proximamente, ademáis da entrada en funcionamento de liñas de bus urbano que melloran as comunicacións coa estación de trens e de autobuses.

Respecto a ampliación do campus, todas as negociacións están xa a punto de concluír coa próxima sinatura do convenio. En canto á creación da sala de neuromusculación/ampliación de ximnasio está xa presentada a licencia de fin de obra e primeira ocupación, pero está en suspenso a licencia por ampliación de obra o que impide continuar a execución a pesares de estar xa adxudicada a obra. O edificio de Benito Corbal está pendiente dunha obra menor xa adxudicada e que comenza en breve. Unha vez realizado isto, só faltaría dotalo de mobiliario interior para que comezase a funcionar e seren utilizados as plantas 5º, 6º e 7º do edificio ao noso dispoñer. A esta última licitación só se presentou a empresa que fixo os anteriores traballos no edificio.

Por último, relativo ao programa de eficiencia enerxética, compre dicir que a Facultade de CCSS na que a potencia instalada é de 80kw que o 20% da electricidade consumida é autoxerada. E que desta enerxía xerada o 42% é excedente polo que se está a barallar a posibilidade de poñela en venda. Na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte a potencia instalada é de 60kw, pero a porcentaxe de enerxía autoxenerada consumida é maior, alcanza o 29%. Tamén hai enerxía excedentaria, neste caso o 43%. Cando se poñan á venda non poderán ser vendidas conxuntamente porque catastralmente pertencen a parcelas separadas. O programa ampliarase neste curso coa planta no edificio da Escola de Enxeñería Forestal, a instalación aquí terá unha potencia de 40kw.

Xa por último indicar que hai dous puntos de recarga eléctrica para vehículos. Un posto xestionable que funciona coa tarxeta persoal da Universidade e outro non xestionable. De momento o uso é minoritario pero en canto se extenda haberá que implantar un modo de xestión con cobro polo servizo.

## 5. Rogos e preguntas

A Decana da Facultade de Ciencias Sociais, Emma Torres, pregunta sobre as obras a realizar para mellorar o acondicionamento do Salón de Actos que é frío e está mal acondicionado. O Vicerreitor de campus respóndelle que se van a habilitar portas corredeiras para dar entrada de maneira que se manteña a temperatura interior. De todos os xeitos, o deseño do Salón de actos require doutro tipo de intervención na que se está traballando. É preciso resolver a problemática actual de maneira integral cun proxecto que realmente resolva o problema da baixa temperatura. Esta obra haberá que realizala nun momento que non perxudique a labora docente e investigadora. O Vicerreitor de Planificación indica que é preciso definir con claridade o uso deste espazo para levar a cabo un proxecto que responda a esa finalidade.

Carlos Mollinedo toma a palabra, inicia a súa exposición indicando a súa intención de asistir presencialmente o que finalmente non puido ser. Realiza as seguintes preguntas: 1º) A canto

pode ascender o plan de financiamento o adicional. 2º) O presuposto da ampliación do ximnasio. 3º) En que consiste a obra menor que se está levando a cabo en Benito Corbal e se inclúe mobiliario. 4º) En canto aos novos graos, aínda que o Reitor dixo que non ía avanzar información, propón que unha futura Facultade de Ciencias da Saúde e do Deporte tería resolto problemas de competencias como os que xurdiron recentemente. 5º) Que tipo de remodelación se dou a Sala x, agora renomeada Sala Manolo Moldes, e que gasto supuxo. 6º) Se está contemplada a creación dunha residencia de estudantes. 7º) Comentou que tiña unha pregunta sobre a asunción do gasto de electricidade dos usuarios de punto de recarga eléctrica para vehículos pero que xa foi respondida polo Vicerreitor de Planificación.

Inicia respondendo ás preguntas o Reitor indicando que os cartos para a ampliación do campus nos antigos terreos de TAFISA que forman parte do plan adicional, só se poderán dedicar a este fin. Non pode precisar a cantidade, pero comparte a satisfacción de que incrementa a cantidade coa que partían para acometer esta obra. Continúa indicando que a obra do menor que se está realizando en Benito Corbal é de acondicionamento interior como tratamento de tomas eléctricas e que non inclúe mobiliario. En canto ás novas titulacións, non hai nada que engadir agás que se toma nota da suxestión relativa á saúde pero que hai que promover o actual campus CREA e aportar por titulacións que redunden na creatividade. Recordemos que Pontevedra ten Fisioterapia pero que incluso Enfermería non é titulación propia, co cal nunha mesa de negociación sobre as titulacións do sistema universitario galego parece difícil defender a especialidade en Saúde. Se ben é certo que agora mesmo os ámbitos de coñecemento estanse artellando de modo diferente de maneira que se eviten problemas de competencias como o sinalado.

Xa por último respecto a á residencia de estudantes, na medida en que Pontevedra é unha cidade permeable con distancias asumibles a pé, non se atopa entre as prioridades a creación dunha residencia universidades no campus. Entre outras motivos porque non se conta nin con os folgos nin cos os medios para asumir dito proxecto. O cal non quita que se puidese plantexarse dentro da propia cidade con outras administración ou institución. De todos xeitos, agora mesmo hai outras necesidades perentorias e non forma parte das prioridades deste equipo. No caso de detectarse un problema de insuficiencia de prazas de aloxamento na cidade, habería que ver as posibilidades de solucionalo a través do uso de espazos infrautilizados.

Responde o vicerreitor do campus de Pontevedra que o acondicionamento da Sala X., agora Sala universitaria profesor Manuel Moldes, incluíu melloras no chan, no sistema eléctrico, tanto modernizando mecanismos eléctricos como a substitución e mellora de toda a sala con tecnoloxía LED de baixo consumo, pintado, subministro de 9 peanas para as exposición e a reconversión en despacho do que era o lugar de almacén. O orzamento foi de 11.000,00€ aproximadamente.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada